

Con Fredric Jameson aprendemos que a posmodernidade non é un estilo nin un período, senón unha lóxica. Rápida e limpamente, esta concepción invalida os dous peores vicios de certo pensamento contemporáneo: a) a ridícula suposición de que a estética pode subsumir baixo o seu dominio outras formas de acción (a política, por exemplo) non menos lexítimas ca ela; b) a vertixe milenarista que se complace en celebrar a fin (da novela, do suxeito, da historia, do xénero; o obxecto é case sempre indiferente).

Jameson formulaba unha pregunta sociolóxica, e daba, non podía ser doutro xeito, unha resposta sociolóxica. Como, tal vez por desgracia, non son socióloga, e recibín a moi directa encomenda de reflexionar sobre posmodernidade e

...ou a lóxica da literatura galega

María do Cebreiro



literatura (galega, e creo que a paréntese, ademais de posmoderna, resulta moi oportuna), debo cambiar de enfoque, e fareino con gusto. De feito, paréceme tan necesario como urxente asumir o compromiso de atreverse a preguntar, desde a cultura, polo significado da posmodernidade. E o que a cultura debe preguntarlle á lóxica do capitalismo serodio é ¿pode unha lóxica ser pensada desde fóra desa lóxica? A resposta (socio)lóxica só pode ser "non". A literatura, en cambio, é o espacio do posible. E sempre di que si ás peticións difíciles.

Ó comezo do *Tractatus*, Wittgenstein escribiu: "Só poderá entender o que pensei aquí quen tivo algunha vez os mesmos pensamentos". De aí infire que, á fin, o seu libro non resolverá absolutamente nada do que se propuxo resolver. Noutras palabras: a posmodernidade semella un nó imposible de desatar para as mans. Ante un desafío semellante, o lendario Gordias tirou de coitelo e, en vez de desatalo, interrompeuno. Dándolle unha resposta diferente a un vello problema, conseguiu cambiar o enunciado da pregunta. Ou, se se prefire, produciu, a punta de coitela, un tempo novo, e a radicalidade do futuro que viu partirse en dous, entre as súas mans, modificou tamén todo o pasado.

A posmodernidade na literatura galega será gordiana ou non será. Entretéñanse outros coas flores de plástico, co pensamento feble, co anything goes, no sentido máis desafortunado e menos anarquista da expresión, coa mesquindade intelectual, co complexo de inferioridade, co oportunismo parasitario e coa retórica baleira da "síntese entre a tradición e a modernidade". A literatura, que é conciencia, pensamento e positividade, sabe que non é a hora de sintetizar, senón de decidir.

Durante os dous últimos decenios do século XX, a palabra "posmodernidade" apareceu en tódolos foros e contextos posibles. Agora chegou o momento de facerlle un oco ó seu posible ou imposible contido. Sería lexítimo pretertextar certo cansanzo: o termo non é especialmente elegante, é técnico demais, algo difícil de diminuír e pretencioso. Permitámonos o luxo, por unha soa vez, de pensar no concepto de costas á palabra. Falaremos, entón, da literatura que, na Galicia de hoxe, conversa co seu lugar e co seu tempo. Ese é, para toda literatura, máis un desexo que un programa, pero os desexos que a mente activa só se fan carne no espacio social. Así dixeron (e seguen a dicir, no tempo da lectura) Xosé Luís Méndez Ferrín desde *Estirpe*, Antón Lopo desde *Ganga*, Chus Pato desde *m-Talá*, Suso de Toro desde *Tic-tac*, Fran Alonso desde *Tráiler*, Xabier Cordal desde *Afásia* ou Manuel Outeiriño desde *Depósito de espantos*. A nómina non é infinita. Quixera poder dicir, como dictan os manuais dos bos costumes, "a enumeración sería demasiado longa", pero só engadirei que a través das voces aludidas, e das que chegarán, un tempo novo fala. E faino nunha lingua milenaria. Aí o desexo individual vólvese imperativo social, ó pensamento débil érgueselle o sangue e a fin da historia ri-se de si mesma.